



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/3	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «APROBACIÓN RPT»
Data	21 de abril de 2022
Duración	Desde as 20:30 ata as 21:00 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33832911A	ANTONIO REGO REY	SÍ
35312108R	AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL	NON
33997496T	EDUARDO JOSE REIGOSA BRAÑA	SÍ
34880827Q	ENRIQUE JOSÉ ROCHA PÉREZ	NON
33995905L	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BARRERA	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ





Concello de Lourenzá

Escusas de asistencia presentadas:

1. AUREA MARÍA VÁZQUEZ ABAL:
«MOTIVOS PROFESIONAIS»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN BORRADORES ACTAS SESIÓN ANTERIORES DE 17/03/22 E 24/03/2022.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistos os borradores das actas das sesións anteriores, a da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de marzo do dous mil vinte e dous (17/03/22) e a da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e catro de marzo do dous mil vinte e dous (24/03/2022) distribuídos coa convocatoria, e non habendo nada, ditos borradores foron aprobados por unanimidade dos concelleiros presentes na sesión.

Expediente 633/2017. IMPOSICIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Unha vez examinada a Ordenanza reguladora do aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, así como os informes que constan no expediente, e dado que o pleno da Corporación ten a facultade de aprobar ordenanzas e regulamentos en materia da súa competencia e que a Ordenanza neste caso cumpre coa legalidade vixente e co seu fin de gravar o aproveitamento especial do dominio público local, polo Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na





Concello de Lourenzá

sesión sendo o seu número legal de once, ACÓRDASE:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDORCARBUROS, cuxo exemplar se une a este expediente.

SEGUNDO.- Abrir un período de INFORMACIÓN PÚBLICA con publicación de edictos no BOP e no taboleiro de anuncios municipal, e dar audiencia aos interesados por prazo de 30 días hábiles a fin de que poidan presentar alegacións e suxestión, que posteriormente deberán ser resoltas polo pleno da Corporación. Acórdase así mesmo que de non producirse tales alegacións e suxestións durante este período de tempo, a Ordenanza quedará aprobada definitivamente de forma automática e procederase á publicación integra da mesma coas tarifas de aplicación no Boletín Oficial da provincia antes ou por todo o día 31 de decembro a fin de que permaneza en vigor no exercicio de 2023, tal como preceptúa no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDÍA DE 06/04/2022 APROBANDO PROXECTO OBRADOIRO DE EMPREGO/ 2022 " SERRA DA CADEIRA VII" COMPARTIDO COS CONCELLOS DE BARREIROS E TRABADA E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Neste punto do orde do día e unha vez que se tivo explicado pola Alcaldía as liñas xerais do Proxecto do Obradoiro dual de Emprego, Serra da Cadeira VII a realizar conxuntamente cos concellos limítrofes de Barreiros e Trabada, e que comprende a especialidade da familia profesional Agraria "Aproveitamentos forestais (AGAR0108)", que ía a ter unha duración dun ano e que o concello de Lourenzá, nesta edición, asumía a xestión e tramitación do mesmo; o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía de data 06/04/2022





Concello de Lourenzá

polo que se aproba o Proxecto do Obradoiro de Emprego SERRA DA CADEIRA VII, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-Dona ROCÍO LÓPEZ GARCIA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente, ao abeiro da ORDEN de 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, e coñecido o contido de dita Orde e visto o proxecto formativo para a creación dun Obradoiro de Emprego compartido cos Concellos limítrofes de Barreiros e Trabada, así como a memoria valorada dos Concellos de Lourenzá, Barreiros e Trabada redactada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jesús López Penabad, vista a necesidade da adopción urxente do acordo VEN A RESOLVER:

Primeiro.- Aprobar o Proxecto do Obradoiro de Emprego SERRA DA CADEIRA VII, a realizar conxuntamente polos Concellos limítrofes de Barreiros, Trabada e Lourenzá, e que comprende a especialidade da familia profesional Agraria “Aproveitamentos forestais (AGAR0108)”, á vez que se asume o propio Concello de Lourenzá a tramitación ante a Consellería de Emprego e Igualdade da solicitude de axuda económica correspondente, e no seu caso, a posterior xestión do programa formativo ao abeiro da Orde da CONSELLERÍA DE EMPREGO E INDUSTRIA do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022. (DOG. Nº. 46 do martes 8 de marzo de 2022).

Segundo.- Aprobar a memoria valorada dos Concellos de Lourenzá, Barreiros e Trabada redactada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jesús López Penabad de data marzo 2022 que ten como finalidade a descrición das actuacións asociadas á solicitude do Obradoiro dual de emprego, denominado como Serra da Cadeira VII, promovido polo concello de Lourenzá, e cun presuposto de execución polo que respecta á memoria valorada do Concello de Lourenzá que ascende a doce mil novecentos vinte e sete euros con noventa e catro céntimos (12.927,94€) máis IVE.

Terceiro.- Comprometerse, no caso de que concedan a subvención, ao cumprimento das obrigacións establecidas na Orde xa citada e ao abeiro da que se solicitou subvención así como do resto da normativa aplicable.

Cuarto.- En cumprimento do establecido no artigo 18.1.d) da Orde





Concello de Lourenzá

pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A) para a posta en funcionamento do programa mixto de emprego e formación SERRA DA CADEIRA VII, a entidade que represento non solicitou nin, en consecuencia, lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención para o mesmo proxecto ou finalidade polas distintas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais.

Quinto.- Que, en relación á memoria valorada dos Concellos de Lourenzá, Barreiros e Trabada relativa ao Obradoiro dual de Emprego "Serra da Cadeira VII", de data Marzo/2022, redactado polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jesús López Penabad, no Presuposto Municipal do presente exercicio 2022, na partida 171.210 e 171.221 de Gastos existe consignación presupostaria suficiente e comprometerse a habilitar crédito, no seu caso, nos orzamentos do ano 2023 para facer fronte, con fondos municipais, á parte do custo de dito proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Sexto.- Declarar que existe dispoñibilidade dos espazos e inmobles precisos para o desenvolvemento das actuacións incluídas no Obradoiro Serra da Cadeira VII, e solicitar as autorizacións sectoriais que sexan precisas.

Sétimo.- Ratificar a presente resolución na próxima sesión plenaria. Mándao e asíno, en Lourenzá a seis de Abril do dous mil vinte e dous.

SEGUNDO.- Ratificar igualmente a aprobación do Convenio de Colaboración Marco para solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade, unha subvención pra o Obradoiro dual de emprego "Serra da Cadeira VII" a levar a cabo polos concellos de Trabada, Barreiros e Lourenzá con encomenda de xestión no concello de Lourenzá.

TERCEIRO.- Aceptar a responsabilidade técnica e administrativa da xestión do Obradoiro dual de emprego, de conformidade co establecido na Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 así como a encomenda de xestión efectuada polos Concellos de Barreiros e Trabada, se ben manterán as súas competencias e ditarán cantos actos ou resolucións de carácter xurídico sexan necesarias que dean soporte ou nos que se integra a concreta actividade material obxecto da encomenda.

CARTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta, D^a. Rocío López García para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan





Concello de Lourenzá

necesarios para a execución do presente acordo.

Expediente 191/2022. EXAME E APROBACIÓN, SE PROCEDE DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE LOURENZÁ (RPT).

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Neste punto da Orde do día, vista a proposta da Alcaldía de data 13/04/2022 referente á aprobación do Proxecto de Análise, Descrición, Clasificación, Ordenación e Valoración de Postos de Traballo e confección da Relación de Postos de Traballo(RPT) que foi elaborado polo departamento de RRHH da Exma. Deputación Provincial.

Vistos os antecedentes de feito que constan no dito expediente e que son os que se sinalan a continuación:

Documento	Data/Núm.
Providencia de Alcaldía	23-06-2017 con núm. saída 591
Convocatoria da Primeira reunión da Mesa de Negociación conxunta	23-11-2021 con núm. saída 563- 566
Entrega Proposta provisional RPT	29-11-2021 con núm. Entrada 2372
Acta da primeira reunión Mesa de Negociación conxunta	29-11-2021
Apertura do prazo de presentación de alegacións	10-12-2021
Resolución das alegacións presentadas	15-03-2022 con núm. entrada 457
Notificación da resolución das alegacións presentadas	16-03-2022
Informe de Intervención	12/04/2022
Informe de Secretaría	13/04/2022
Convocatoria da segunda reunión da Mesa de Negociación conxunta	08-03-2022
Entrega Proposta definitiva RPT	15-03-2022 con núm. entrada 458
Acta da segunda reunión da Mesa de Negociación conxunta	15-03-2022





Concello de Lourenzá

Visto que a lexislación aplicable no procedemento de aprobación da Relación de Postos de Traballo é a seguinte:

— Os artigos 31 e seguintes, 69 e 74 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

— Os artigos 22.2.i) e 90.2 da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

— Os artigos 126.4, 127 e 129.3.a) do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.

— O artigo 15 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

— Os artigos 61 a 64 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

— O Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

- Artigo 202 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

O Pleno, tras un breve debate no que por parte da Sra. Alcaldesa explicouse como fora todo o proceso, que se encargara o departamento de RRHH da Exma. Deputación Provincial, que se reuniran dúas veces coa Mesa de Negociación, á que acudiran os sindicatos de CCOO, CIGA e UXT, e que a proposta definitiva fora aprobada por unanimidade dos sindicatos.

Pola súa parte, o voceiro do P. Popular, Sr. Rodríguez Barrera indicou que había moito que mirar e que lle houbera gustado que se lle tivera explicado un pouco mellor o tema xa que parecíalle ben que se fixera pero gostaríalle que fora un traballo ben feito e que todos estiveran contentos e constáballo que non era así.

A Sra. Alcaldesa indicou que ninguén empeoraba, que todos os postos de traballo melloraban e que os criterios de valoración eran xenéricos, que eran uns baremos empregados noutros concellos onde tamén o departamento de RRHH do organismo provincial elaborara a Relación de Postos de Traballo, e que abríase un período de alegacións e que como coincidira cunha ponte, despois ampliárase dito período e presentaríanse alegacións e que foran contestados polo equipo en base a uns criterios e unha normativa, e que agora, unha vez fora aprobada inicialmente, exporíase por un prazo de vinte días hábiles nos que poderían, se fora o caso, presentar outra vez alegacións.

Polo Sr. Rodríguez Barrera preguntouse se estaba incluído nos presupostos deste ano ó que por parte de Secretaría informóuselle que non estaban nos presupostos deste ano, porque comezaría aplicarse para o ano que ven, que habería que analizar se a aplicación desta RPT faríase progresivamente en varios anos e en que porcentaxes, dependendo da capacidade económica do concello e que tamén dependería do que se regulara na Lei de Presupostos do ano 2023 en relación coas retribucións do persoal funcionario e laboral e que ademais antes habería que levar a cabo o proceso de estabilización de





Concello de Lourenzá

empregos de conformidade coa Lei 20/2021 de redución da temporalidade no emprego público, e que por iso a urxencia da aprobación, xa que a Oferta de Emprego que tería que saír antes do 01/06/2022, iría coa nova denominación dos postos de traballo de conformidade coa RPT que se sometía a aprobación, e que o persoal anterior ó 31/12/2016 podería optar ó concurso e que as bases terían que estar publicadas antes do 31 de decembro do presente ano e os que estaban entre o 2017 e o 2020 sería por concurso oposición.

Tamén preguntouse por parte do Sr. Rodríguez Barrera se algún traballador corría perigo de quedarse sen posto de traballo, ó que tanto por parte do voceiro do equipo de goberno, Sr. Arango Ron, como por parte da Sra. Alcaldesa, informóuselle que moitas veces e tal como se vira nas alegacións presentadas, confundíase o posto de traballo cos méritos persoais de cada un para acceder a eses postos, e que o que se aprobaba era unha relación de postos de traballo, unha estrutura, e sobre a pregunta do voceiro do P. Popular sobre o aumento de categoría do posto de turismo que pasaba a esixirse técnico superior de turismo e que agora non estaba con esta categoría, indicouse que non se trataba de que a persoa que estaba agora tivera ou non a titulación senón que era un posto para o que se consideraba que era axeitado e conveniente que se contara con esa titulación á hora de cubri-lo e que todos os técnicos ían coa mesma titulación ó igual que había algún persoal laboral fixo que tiñan que funcionarizarse por lei, e que tamén creábase un posto de xefe de persoal que non estaba dotado polo momento así como os postos de axuda a domicilio que creábase doce pero ían dotados soamente dez que son as que había agora, tratábase de crear unha estrutura que valera para máis tempo, e que as persoas que foran ó concurso, era máis difícil que perigara o seu posto tendo en conta a súa antigüidade e que era máis difícil que optaran outras persoas con máis méritos, sen embargo, ós de concurso-oposición serían como en calquera outro proceso deste tipo e terían, lóxicamente, máis perigo.

Dado por finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e con seis votos a favor, do Partido Socialista de Galicia -P.S.O.E. e tres abstencións, do Partido Popular, adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a *Proxecto de Análise, Descrición, Clasificación, Ordenación e Valoración de Postos de Traballo e confección da Relación de Postos de Traballo (RPT)* deste Concello, coas modificacións introducidas tras a negociación colectiva e os informes que constan no expediente, co texto que se transcribe a continuación, elevándose a definitiva dita aprobación inicial se durante o prazo de exposición ó público no se presentaran alegacións, no caso contrario deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

1.-ÁREA FUNCIONAL DE SERVICIO SECRETARÍA E SERVIZOS ECONÓMICOS												
CÓDIGO POSTO	POSTO	DOT.	TP	RX	CD	CE.	FP	SIT.	GR/SUBG.	ESC/SUB	PRAZA	TÍT



Concello de Lourenzá

PT 001	SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	S	F	28	1589,18	C	O	A1/A2	FHN/SI	Secre.- Interventor	6/5
PT 012	AXENTE EMPREGO, DESENVOLVEMENTO LOCAL E XESTIÓN ADMINISTRATIVA	1	NS	F	21	499,46	C	VD	A2	AX/X	Técnico Xestión	5
PT 004	RESPONSABLE XESTIÓN ADMTVA. ASUNTOS ECONÓMICOS, CONTABILIDADE, PADRÓN E CENSO ELECTORAL	1	S	F	21	741,62	C	VND	A2/C1	AX/X/ADM	Técnico Xestión ou Administrativ o	5/3
PT 042	ADMINISTRATIVO /A DE TESOURERÍA "A EXTINGUIR"		S	F	22	1034,92	C	O	C1	AX/ADM.	Administrativ o	3
PT 005	RESPONSABLE XESTIÓN ADMINISTRATIVA ASUNTOS SECRETARÍA, CONTRATACIÓN E SUBVENCIÓNS		S	F	21	741,62	C	O	A2/C1	AX/X/ADM	Técnico Xestión ou Administrativ o	5/3
PT 006	RESPONSABLE REXISTRO, ATENCIÓN CIDADÁ E PUBLICIDADE INSTITUCIONAL		S	F	17	348,11	C	VD	C1/C2	AX/ ADM.AUX.	Administrativ o ou Auxiliar	2
PT 018	ADMINISTRATIVO/A		NS	F	17	317,84	C	VD	C1	AX/ADM.	Administrativ o	3
2.-ÁREA FUNCIONAL DE SERVIZOS SOCIAIS , BENESTAR , SANIDADE E AXUDA NO FOGAR												
PT 011	PSICÓLOGO/A	1	NS	F	22	438,92	C	VD	A1	AE/T-S	Psicólogo	6
PT 002	XEFE/A UNIDADE SERVIZOS SOCIAS E AXUDA NO FOGAR	1	S	F	24	862,70	C	VD	A2	AE/T-M	Traballador Social	5
PT 039	XEFE/A UNIDADE SERVIZOS SOCIAS E AXUDA NO FOGAR " A EXTINGUIR"	1	S	L	24	862,70	C	O	A2		Traballador Social	5
PT 019 A PT 030	AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	12	NS	F/L	13	257,30	C	10 VD 2 VND	C2/AP	AE/SE-PO- AXD	Auxiliar Axuda no Fogar	2/1
3.-ÁREA FUNCIONAL DE CULTURA, TURISMO E FESTEXOS												
PT 009	TÉCNICO/A CULTURA E FESTEXOS	1	NS	F	22	499,46	C	VD	A1	AE/SE-CE	Técnico Cultura e Festexos	6
PT 040	TÉCNICO/A CULTURA E FESTEXOS "A EXTINGUIR"	1	NS	L	22	499,46	C	VD	A1		Técnico Cultura e Festexos	6
PT 017	TÉCNICO/A SUPERIOR DE TURISMO	1	NS	F	18	378,38	C	VD	B	AE/T-A	Técnico Superior de Turismo	4
4.-ÁREA FUNCIONAL DE EDUCACIÓN, XUVENTUDE E DEPORTE												
PT 010	TÉCNICO/A DEPORTIVO/A	1	NS	F	22	499,46	C	VD	A1	AE/T-S	Técnico Deportivo	6
PT 041	TÉCNICO/A DEPORTIVO/A "A EXTINGUIR"	1	NS	L	22	499,46	C	O	A1	AE/T-S	Técnico Deportivo	6
4.1.- UNIDADE ATENCIÓN INFANCIA												
PT003	DIRECTOR/A PUNTO ATENCIÓN Á INFANCIA	1	S	F/L	23	681,08	C	VD	A2	AE/T-M	Mestre Educación Infantil	5
PT 013 PT 014 PT 015	MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL	3	NS	F/L	20	438,92	C	VD	A2	AE/T-M	Mestre Educación Infantil	5
5.- ÁREA FUNCIONAL DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS , OBRAS E SERVIZOS												
PT 008	ARQUITECTO/A	1	NS	F	23	802,16	C	VD	A1	AE/T-S	Arquitecto	6
PT 016	TÉCNICO SUPERIOR ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA, OFICIOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA, CONDUTOR/A	1	NS	F	19	560,00	C	VD	B	AE/T-A	Técnico Superior Electricidade e Electrónica	4
5.1.- BRIGADA OBRAS E SERVIZOS												
PT 007	ENCARGADO / A BRIGADA OBRAS E SERVIZOS	1	S	F/L	14	378,38	C	VND	C2/AP	AE/SE-PO- OF-OP	Oficial/ Operario	2/1
PT 031 PT 032	CONSERXE, OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES,	3	NS	F/L	12	166,49	C	VD	AP	AE/SE/PO- OP	Conserxe, Operario	1





Concello de Lourenzá

PT 033	CONDUTOR/A											servizos múltiples, condutor	
PT 034 PT 035	OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA, CONDUTOR/A	2	NS	F/L	11	227,03	C	VD	AP	AE/SE/PO-OP		Operario servizos múltiples,maquinista, condutor	1
PT 036 PT 037 PT 038	OPERARIO/A LIMPADOR/A	2	NS	F/L	11	105,95	C	VD	AP	AE/SE/PO-OP		Operario Limpador	1

SIGLAS RPT APARTADO IDENTIFICACIÓN POSTOS TRABALLO			
DOTACIÓN	DOT		
TIPO DE POSTO	TP	SITUACIÓN	SIT
Singularizado	S	Ocupada	O
Non Singularizado	NS	Vacante dotada	VD
RÉXIME XURÍDICO	RX	Vacante sen dotar	VND
Funcionarial	F		
Laboral	L		
COMPLEMENTO DESTINO	CD	TITULACIÓN	TIT
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	CE	Graduado praza A-A1	6
FORMA DE REVISIÓN	FP	Graduado praza A-A2	5
Concurso	C	Técnico Superior	4
Concurso Específico	CE	Bacharelato, Técnico Medio	3
Libre Designación	LD	Enseñanza Secundaria Obligatoria	2
		Ausencia Titulación	1

SEGUNDO. - Someter a información pública la citada Relación mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, durante un prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP.

TERCEIRO. - Unha vez aprobada definitivamente a Relación de Postos de Traballo achegárase unha copia da mesma ó órgano competente da Administración General do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia. No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.

CUARTO. - Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO Á REAL ACADEMIA GALEGA (RAG) QUE SE LLE ADIQUE A D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS DO ANO 2023.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento





Concello de Lourenzá

Neste punto da orde do día, e unha vez coñecido o contido da Moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. Arango Ron, quen explicou que non tivera tempo para presentar unha moción conxunta porque fora avisado pola Secretaría da necesidade da convocatoria do pleno e da conveniencia de levar este asunto o antes posible dado a premura que había para a presentación de candidaturas para o vindeiro ano, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

“O motivo principal desta moción é o recoñecemento do que foi un escritor intelectual e político laurentino que desenvolveu desde a década de 1930 un traballo constante e recoñecido a favor da cultura e da lingua galega.

D. Francisco Fernández del Riego (Salvador Lourenzá, Cosme Barreiros, Adrián Soutelo, Adrián Solovio) nace en Vilanova de Lourenzá o 7 de xaneiro de 1913. Estuda Dereito e Filosofía e Letras en Madrid e Santiago. Participa activamente na campaña en apoio do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1936. Era membro destacado da xeración de xoves intelectuais do Seminario de Estudos Galegos. En 1943 empeza a reorganizar o Partido Galeguista na clandestinidade. En 1950 funda, xunto con outros galeguistas, a Editorial Galaxia. En 1960 ingresa na Real Academia Galega, sendo promotor da celebración do Días das Letras Galegas. En 1963 codirixe con D. Ramón Piñeiro a revista Grial. En 1997 é elixido presidente da Real Academia Galega.

A súa obra, case toda consagrada en Galicia, é abundante e variada (Historia da Literatura Galega; Galicia no espello; Dicionario de escritores en lingua galega; O cego de Pumardedón; As peregrinacións xacobeas; O río do tempo, etc.)

Foi recoñecido con numerosos galardóns: Premio Trasalba, Premio Pedrón de Ouro, Medalla de Ouro da cidade de Vigo; Premio de creación cultural da Xunta de Galicia, Premio Celanova, A Casa dos Poetas, Medalla Castelao, Premio das Artes e das Letras de Galicia, etc.)

En novembro de 2001 co Concello de Lourenzá noméao Fillo Predilecto e ponlle o seu nome a unha das salas da Biblioteca Municipal.

Morre en Vigo o 26 de novembro de 2010.

Por todo o exposto, solicita do Pleno a aprobación dos seguintes ACORDOS:

a) Instar á Real Academia Galega (RAG) a que no ano 2023 despois de cumprirse máis de dez anos do seu pasamento, se lle adique o Día das Letras Galegas a D. Francisco Fernández del Riego, e que os principais actos desta celebración teñan lugar na súa vila de nacemento, Vilanova de Lourenzá.

b) Dirixirse ao resto dos Concellos da Mariña, á Deputación





Concello de Lourenzá

Provincial de Lugo, ao Concello de Vigo e á Fundación Penzol, para solicitar deles o apoio á proposta do Concello de Lourenzá para acadar, entre todos, que o ano 2023 sexa o ano de D. Francisco Fernández del Riego.”

Seguidamente e unha vez que por parte do voceiro do P. Popular, Sr. Rodriguez Barrera indicouse que non había ningún problema e que por suposto o seu partido ía a apoiar a moción, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos nove concelleiros presentes na sesión sendo o seu número legal de once, ACORDOU aprobar a Moción transcrita “ut supra” nos termos nos que está redactada e polo tanto:

a) Instar á Real Academia Galega (RAG) a que no ano 2023 despois de cumprirse máis de dez anos do seu pasamento, se lle adique o Día das Letras Galegas a D. FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO, e que os principais actos desta celebración teñan lugar na súa vila de nacemento, Vilanova de Lourenzá.

b) Dirixirse ao resto dos Concellos da Mariña, á Deputación Provincial de Lugo, ao Concello de Vigo e á Fundación Penzol, para solicitar deles o apoio á proposta do Concello de Lourenzá para acadar, entre todos, que o ano 2023 sexa o ano de D. Francisco Fernández del Riego.

c) Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA DENDE O NÚM.506 DE 11/03/2022 ATA O NÚM.726 DE 12/04/2022.

A continuación deuse conta ó Pleno das Resolucións da Alcaldía dende a o Número 2022-506 de 11/03/22 ata a Número 2022-726 de 12/04/22 e que puideron ser consultadas electronicamente polos concelleiros no Libro de Resolucións da Alcaldía.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS E PREGUNTAS





Concello de Lourenzá

Non proceden neste Pleno.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 3RT6XTNH4DXH3JP449S9G53Z | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506